

Documento escrito para o curso de posta en marcha da impresora 3d no CFR de Ourense por Diego Lale.

### **Motivación:**

A impresora LEGIO é unha versión da prusa i3 e como tal é relativamente sinxelo atopar información na web reppap.org sobre como melloralala ou cambiar as pezas impresas por outras versións ou incluso deseñar, no caso de que fose necesario, unhas propias.


Nos primeiros pasos de desembalado da máquina atopáronse, tanto no deseño e montaxe coma no embalaxe, cousas a ter en conta, a maioría subsanables, que dificultan a posta en marcha da máquina por docentes sen ningunha experiencia previa en impresión 3D, en esencia, a maioría.

Por elo este escrito pretende ser unha pequena guía que axude á posta en marcha de devanditas impresoras, ademáis de tentar evitar avarías futuras dentro do posible.

### **1- Conector do motor X:**


No CFR de Ourense o primeiro día de curso, de sete impresoras dúas traían xa o conector do motor "X" arrincado e cos pins dobrados. Por elo hai que prestar moita atención a ese punto.

Unha posible solución á exposición deste motor sería xirallo 90° para que o conector quedase hacia abaixo e máis protexido.



### **2- Correa do eixe X demasiado larga:**

Todas as impresoras traían as correas demasiado largas e a punta roza co propio reenvío. A propia impresoras do CFR despois de só unhas poucas horas tiña o carro X cheo de virutiñas negras procedentes dese roce. Comprobando as demáis vimos que todas estaban igual. Por elo deberíanse desmontar as correas e recurtar a punta ate conquirer que non roce.





### 3- Final de carreira do eixe Y trabado:

Tres impresoras traía o final de carreira pulsado e era imposible facer un “homming” do eixe “Y”, a impresora detectaba continuamente que xa estaba no punto inicial.


Esto fai imposible a posta en marcha da impresora se non se detecta.

É un erro de montaxe facilmente subsanable se se detecta, só é necesario manualmente destrabalo coma se ve nas imaxes.




### 4- Base mal montada:

O cristal só pode ser montado en un sentido, este sentido márcalo a posición dos “clips” de suxección do cristal. No caso de que ó montar o cristal este quede encima das soldaduras débese desmontar a base e xirar, ou ben os clips, ou ben a base quente.



### 5- Cable de alimentación estorbando:

Por como vén recollido o cable de alimentación, o desplegado, na totalidade das impresoras quedou estorbando no camiño que debe quedar libre para o eixe “y”. Se o cable se deixa así é facil que en calquer intre se enrede coa base e provoque un fallo na impresión. Por elo débese pasar por debaixo da placa negra ou por fora do “tirante” transparente.



6- Cableado del conjunto de extrusión roza con la guía de cables

